ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/03/2026 14:58:30

Documento asinado

CONCELLO DE VIGO
Expte. 2053/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 12 de marzo de 2026

ASISTENTES: **NON ASISTEN:**

Membros :
D. Abel Caballero Álvarez
Dª Mª Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
Dª Elena Espinosa Mangana
Dª Mª José Caride Estévez
Dª. Ana M.ª Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
Dª Yolanda Aguiar Castro
Dª Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día seis de marzo de dous mil vinte e seis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a secretaria de Goberno local, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(175).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.
A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión segundo consta nas dilixencias dos servizos incorporadas nos expedientes que se someten a aprobación na presente sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 1 de 14
2053-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: ABBDA9-5DA83F-BADAE8-XZRV8B-TQGJ72-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(176).- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS DE CONSTRUCIÓN DUN MURO DE CONTENCIÓN NA PRAIA SANTA BAIA – ALCABRE, PARA GARANTIR A SEGURIDADE, POR TRAMITACIÓN DE EMERXENCIA. EXPTE. 96841/250.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 11/03/2026, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo interventor xeral, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA)
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 10 de marzo de 2026 o xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais e o xefe da área de Servizos Xerais emiten informe de inspección do talude da praia Santa Baia, dado que presenta danos a raíz da concatenación de temporais neste inverno.

Segundo.- Consta no expediente un orzamento do 10 de marzo de 2026 de CIVIS GLOBAL, S.L., así como unha declaración responsable asinada polo representante da citada empresa da mesma data.

Terceiro.- En data 10 de marzo de 2026 o xefe do Servizo de Medio Ambiente xunto co xefe da Área de Servizos Xerais, elaboran unha memoria xustificando a necesidade de contratar as obras de construción dun muro de contención na praia Santa Baia, utilizando a tramitación de emerxencia, para garantir a seguridade baseándose no informe técnico de inspección.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

COMPETENCIA EN MATERIA DE INFRAESTRUTURAS VIARIAS

As competencias dos municipios en materia de mantemento de infraestruturas están recollidas no artigo 25.d da LBRL, que enumera as competencias propias que exercerán estes, no marco da lexislación do Estado e das CCAA:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/03/2026 14:58:30

Documento asinado

"d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade."

No caso dos municipios galegos, a LALGA tamén establece como competencia propia dos mesmos, no artigo 80.2:

"d) A ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística; a promoción e xestión de vivendas; os parques e xardíns; a pavimentación de vías públicas urbanas e a conservación de camiños e vías rurais."

-II-

A TRAMITACIÓN DE EMERXENCIA DOS CONTRATOS

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), prevé tres formas de tramitación do expediente de contratación: ordinaria, urxente e de emerxencia.

A principal diferencia entre eles é o diferente prazo de duración da tramitación do expediente.

A tramitación ordinaria é a que se segue por regra xeral, salvo que haxa motivos para declarar a tramitación urxente ou que permitan aplicar a tramitación de emerxencia.

Os expedientes cualificados de urxentes tramitaranse seguindo o mesmo procedemento que os ordinarios, máis gozarán de preferencia para o seu despacho e os prazos establecidos para a licitación, adxudicación e formalización do contrato reduciranse á metade.

A tramitación de emerxencia caracterízase porque nestes casos pódese prescindir da tramitación do expediente de contratación, reservándose a tramitación ordinaria para aquelas actuacións que non teñan o carácter de emerxencia.

A **tramitación de emerxencia** está regulada no artigo 120 da LCSP que a limita a aqueles contratos que veñan determinados pola necesidade dunha actuación inmediata por mor de acontecementos catastróficos, de situacións que supoñan grave perigo ou de necesidades que afecten á defensa nacional. Caracterízase porque nestes casos pódese prescindir da tramitación do expediente de contratación, reservándose a tramitación ordinaria para aquelas actuacións que non teñan o carácter de emerxencia.

Os supostos nos que cabe a tramitación de emerxencia son os seguintes:

1) Acontecementos catastróficos
2) Situacións que supoñan grave perigo
3) Necesidades que afecten á defensa nacional

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/03/2026 14:58:30

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2026 15:00	Páxina 3 de 14
2053-1102 Aprobado por XGL 20/03/2026	CSV: ABBDA9-5DA83F-BADAE8-XZRV8B-TQGJ72-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

-III-
DA XUSTIFICACIÓN DA ADOPCIÓN DA TRAMITACIÓN DE EMERXENCIA NESTE CONTRATO

O talude da praia Santa Baia presenta danos por mor da concatenación de temporais entre os meses de novembro de 2025 e febreiro de 2026, representando un perigo potencial, tanto para os usuarios da praia como para os da senda peonil Bouzas-Samil, dado que conforma a separación a diferente cota entre a praia e a senda peonil. Esta circunstancia, sinalada no informe técnico de inspección e na memoria xustificativa, pode cualificarse como unha situación que supón grave perigo, o que permitiría aplicar a tramitación de emerxencia (artigo 120.1 LCSP).

Na memoria do servizo xestor xustifícase a necesidade de tramitar de emerxencia un contrato de obras para a construción dun muro de contención na citada praia para garantir a seguridade baseándose no informe técnico de inspección.

Transcribe a memoria xustificativa o informe técnico de inspección no que se indica:

> *"**ANTECEDENTES E OBXECTO***
>
> *A raíz da concatenación de temporais acaecidos na cidade desde o pasado 10 de novembro de 2025 ata o último, de mediados de febreiro, se realiza visita aos ámbitos que presentan danos relacionados con viais e sendas peonís da cidade de Vigo. Así en días pasados se realiza visita para inspección visual do entorno litoral entre a praia de Santa Baia e a senda peonil Bouzas-Samil, con danos significativos. Este talude conforma a separación a diferente cota entre a senda peonil Bouzas-Samil e a propia praia de Santa Baia.*
> *En parte de este ámbito existe proxecto redactado "MURO DE CONTENCIÓN NA PRAIA DE SANTA BAIA DE ALCABRE" (expte 3735-443) Esta actuación inclúe os traballos previos, a cimentación e a construción dun muro ao longo de 18 metros.*
> *Este proxecto atópase autorizado polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra e pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo baixo control arqueolóxico por Patricia Iglesias Garcia, a última das autorizacións do ano 2020.*
> *Unha vez se comproba o estado da contención naqueles tempos para a súa tramitación da licitación, se observa que o noiro acusou derrube parcial nunha lonxitude maior da recollida no proxecto orixinal, polo que débese ampliar a lonxitude da actuación a 22 metros.*
> *Ante esta situación procedeuse á actualización do proxecto, para recoller no proxecto un muro de 40 metros de lonxitude. Desta nova versión de proxecto foi requerida autorizacións sectoriais de novo, obtendo a da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo no ano 2021. Solicitada asemesmo a da Xefatura de Costas, non consta nos expedientes a citada actualización de autorización por ese organismo.*
> *Ainda así a pesar da falta dunha autorización, dotouse de crédito a citada actuación na modificación orzamentaria de ano 2025, de modo que non se demorara máis a tramitación da solución no entorno citado.*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/03/2026 14:58:30

Documento asinado

DESCRICIÓN DOS DANOS E INCIDENCIAS

A partir das inspeccións realizadas en datas 10 e 19 de febreiro na zona a modo xeral, constátase que se produciu un colapso parcial do talude existente e un esvaramento de terras, que afectou a parte do paseo, o terreo de contención existente presenta en toda a súa lonxitude un risco potencial á estabilidade do paseo. Como consecuencia do derrube, a base da contención ocupa parcialmente o areal.
En detalle obsérvase un talude de dique, afectado dun modo grave polos temporais, xa que dos 80 metros de lonxitude aproximada, se encontran derrubados uns 35 m provocando a caída do noiro cara á praia afectando á senda peonil adxacente, así como aos elementos de protección de esta. Tamén se observan outras zonas da contención danadas, xa que se detectan diferentes desprendementos ao longo de toda a lonxitude da estrutura, que favorecen o lavado de finos do material o que aumenta o risco de futuro colapso e se encontran árbores coas raices descalzadas con risco inminente de caida sobre a praia.
Así as cousas, comprobase que ao contrario que antes do ciclo de temporais recentes, na actualidade o estado do talude é inestable, o que quere decir que a evolución a peor nos próximos tempos é unha certeza, e non depende na actualidade de situacións extraordinarias para esa evolución negativa, polo que vai a empeorar si ou si nos próximos días e meses, poidendo ocurrir en calquera momento pequenos desprendementos ou colapsos xeneralizados, estando sostenido o talude coas raices de vexetación, algunhas no aire e con terras prácticamente en voladizo.
Pódese concluír que con anterioridade as borrascas existía un talude deteriorado pero estable, que permitía unha actuación programada, tal cual se estaba tramitando, pero na actualidade o deterioro aumentou o ámbito de afección e o estado xeral dese ámbito é crítico e existe un risco real de colapso. Actualmente está cortado o tránsito no entorno e desviado.
En canto á orixe dos novos danos pódese afirmar que a concatenación de borrascas dos últimos meses colmatou o terreo, xerando escorrentías superficiais e aumentando o nivel freático, dando lugar a maiores presións e empuxes sobre as estruturas de contención. Asemade a forza do mar dos temporais do inverno afectou negativamente ao talude pois a ondada para arrastrado gran cantidade de terra do noiro. Todo isto provocou unha deterioración precoz dos ámbitos que estaban en bo estado e converteu os xa deteriorados con anterioridade en inestables.
Xirada visita o día 06 de marzo comprobase o avance do deterioro nos ámbitos máis inestables respecto as visitas de febreiro.

RECOMENDACIÓNS DE ACTUACIÓN

Antes da data da emisión do presente informe, xa se procedeu a adopción de medidas de valado perimetral que se considera garante a seguridade a corto prazo para usuarios do entorno, como medida preventiva.
Actualmente atópase valado mediante valos altos galvanizados e impedido o paso no entorno dos ámbitos máis críticos.
En canto as medidas correctivas proponse como solución construtiva a recollida no proxecto citado de "MURO DE CONTENCIÓN NA PRAIA DE SANTA BAIA DE ALCABRE", é dicir o desmonte do talude existente e a execución dun novo muro, de

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/03/2026 14:58:30
Documento asinado

contención de cachotería, debido os temporais e as borrascas dos últimos meses aumenta significativa mente a lonxitude afectada, polo que se debe actuar na totalidade da estrutura, é dicir, 80 m, aumentando a previsión de actuación recollida no proxecto que eran 40 m.
Para levar a cabo os traballos sería necesario una serie de actuación previas, como: desbroce de herbas e arbustos do noiro, retirada dos restos caidos e escavación a ceo aberto para a execución da zapata. A execución de muro realizarase con pedra de cachotería enchendo e compactando o trasdós con aporte de terras de préstamo hasta a cota necesaria. *Tamén se levará a cabo a reposición do tramo da senda afectada polo derrube e a reposición da varanda de madeira existente.*
En canto as medidas correctivas a tomar, é evidente que no estado actual de deterioro, a contención existente non ofrece as garantías necesarias, xa que existe risco de desprendemento e caída de máis elementos da contención é elevado, así como o de colapso, debéndose adoptar de xeito inmediato as citadas medidas correctivas, co correspondente control arqueolóxico segundo as directrices autorizadas pola administración autonómica competente ao respecto.

ESTIMACIÓN DE CUSTE E PRAZO

As obras a realizar con carácter inmediato son:

		PRECIOS CONTRATO NUEVO		
Ud	**Descripción**	**medición**	**precio**	**importe**
	ACTUACIONES PREVIAS	1,00	12.168,77	12.168,77
M2	DESBROCE	109,44	1,22	133,52
M3	EXCAVACION PARA EJECUCIÓN DE MURO	600,00	13,72	8.232,00
PA	ARQUEOLOGÍA	1,00	3.000,00	3.000,00
ML	RETIRADA DE BARANDILLA	25,00	32,13	803,25
	ESTRUCTURAS	1,00	144.412,29	144.412,29
M3	FORMIGON EN ZAPATA	105,00	157,78	16.566,90
M3	PEDRA PESO MINIMO 400KG	315,00	42,81	13.485,15
M3	MURO PEDRA ALTURA ESPESOR VARIABLE	770,00	133,10	102.487,00
M3	RECHEO TRASDÓS	450,50	20,13	9.068,57
M3	PRESTAMO PARA CAMIÑO	54,00	15,76	851,04
ML	COLOCACION DE VARANDA	25,00	52,93	1.323,25
M3	APORTE TERRA VEXETAL	18,40	34,26	630,38
	GESTION DE RESIDUOS	1,00	1.800,25	1.800,25
M3	TRANSPORTE RESIDUOS INERTES 20 KM	95,00	5,00	475,00
M3	CANON VERTIDO RESIDUOS INERTES	95,00	13,95	1.325,25
	VARIOS	1,00	400,00	400,00
PA	IMPREVISTOS	1,00	400,00	400,00

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/03/2026 14:58:30
Documento asinado

	SS	1,00	1.000,00	1.000,00
PA	SS	1,00	1.000,00	1.000,00

PRESUPUESTO EJECUCION MATERIAL	159.781,31
13% gastos generales	20.771,57
6% BI	9.586,88
PBL	190.139,76
IVA 21%	39.929,35
PBL CON IVA	230.069,11

Esta estimación estará condicionada á medición definitiva e a súa valoración exacta en fase de execución das tarefas.
Estimase un prazo de execución de catro (4) semanas.

CONCLUSIÓNS

Tralo paso da concatenación de borrascas nos últimos meses, e a revisión dos antecedentes e o estado do talude en Santa Baia, cabe concluír:

1) *O estado actual de deterioro da contención existente non ofrece as garantías necesarias para o uso do entorno en condicións de seguridade, xa que existe risco elevado de desprendemento e caída de máis elementos de contención, afectando ao entorno con perigo para a senda peonil e a praia contigua. A evolución a peor nos próximos tempos é unha certeza, e non depende na actualidade de situacións extraordinarias para esa evolución negativa, polo que vai a empeorar si ou si nos próximos días e meses, poidendo ocurrir en calquera momento pequenos desprendementos ou colapsos xeneralizados, estando sostenido o talude coas raices de vexetación, algunhas no aire e con terras prácticamente en voladizo, aumentando o grave perigo xa existente na actualidade.*
2) *Con anterioridade as borrascas existía un talude deteriorado pero estable, que permitía unha actuación programada, tal cual se estaba tramitando a través do expediente 3735-443, pero na actualidade o deterioro aumentou tanto o ámbito físico como o alcance da afección, que se deben adoptar de xeito inmediato as citadas medidas correctivas incluidas no informe.*
3) *Calqueira actuación programada para solventar as carencias actuais obrigaría a unha demora no tempo que non é viable co estado actual da contención, xa que antes da tramitación da licitación da actuación, polo procedemento que se considere máis adecuado, sería necesario consumir previamente mínimo 6 meses (Tramitación dun novo contrato de redacción de proxecto, mínimo 2 semanas; Redacción dun novo proxecto construtivo, mínimo 2 meses; Obtención de autorizacións sectoriais, mínimo 3 meses; Aprobación do proxecto, mínimo 2 semanas). Esta demora ademáis de ser inviable co estado actual da contención, provocaría o risco de que pasados esos 6 meses a actuación necesaria xa sería*

S.Extr.Urx. 12/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/03/2026 14:58:30
Documento asinado

maior polo que a documentación técnica xa non sería válida para a súa tramitación.

4) *A estimación de actuación recollida no presente informe técnico se axusta o estrictamente necesario para responder a situación actual, sen perxuicio de que durante a execución das obras sexa necesario axustar a baixa ou alza algunha medición indicada.*
5) *Debido a este grave perigo e as circunstancias con anterioridade, considérase necesario propoñer a tramitación de emerxencia para a citada actuación de modo que se poidan adoptar de modo inmediato as correspondentes medidas correctivas indicadas no informe".*

A memoria detalla as actuacións a realizar cunha estimación de custes e fixa un prazo de 4 semanas.

Por outra banda, deben terse en conta as obrigas que a lexislación urbanística impón aos propietarios de terreos, construcións e edificios. Neste senso, a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, recolle no artigo 135 que "*Os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións haberán de: [...] c) Conservalos nas condicións legais para servir de soporte a ditos usos e, en todo caso, nas de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles".*

-IV-

DO RÉXIME DOS CONTRATOS DE EMERXENCIA

Este réxime excepcional caracterízase polas seguintes notas:

1. O órgano de contratación, sen obriga de tramitar expediente de contratación, poderá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevida, ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse aos requisitos formais establecidos na presente Lei, incluso o da existencia de crédito suficiente. No caso de que non exista crédito adecuado e suficiente, unha vez adoptado o acordo, procederase á súa dotación.
2. O prazo de inicio da execución das prestacións non poderá ser superior a un mes, contado desde a adopción do acordo. Se se excedese este prazo, a contratación de devanditas prestacións requirirá a tramitación dun procedemento ordinario.
3. Executadas as actuacións obxecto deste réxime excepcional, observarase o disposto na lei sobre cumprimento dos contratos, recepción e liquidación da prestación.
4. Renderase a conta xustificativa do libramento que, no seu caso, se efectuase, con reintegro dos fondos non investidos.
5. As restantes prestacións que sexan necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia contrataranse con arranxo á tramitación ordinaria.

Tendo en conta estas premisas, a citada memoria xustificativa do servizo xestor identifica no seu apartado 4 as características do contrato:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/03/2026 14:58:30

Documento asinado

"O obxecto do contrato é a construción dun muro de contención na praia de Santa Baia na parroquia de Alcabre para garantir a seguridade.

Tendo en conta o informe técnico anteriormente citado, as obras a realizar con carácter inmediato que se recollen no presente contrato son:

		PREZOS CONTRATO NOVO		
Ud	**Descrición**	**medición**	**prezo**	**importe**
	ACTUACIONES PREVIAS	**1,00**	**12.168,77**	**12.168,77**
M2	DESBROCE	109,44	1,22	133,52
M3	EXCAVACION PARA EJECUCIÓN DE MURO	600,00	13,72	8.232,00
PA	ARQUEOLOGÍA	1,00	3.000,00	3.000,00
ML	RETIRADA DE BARANDILLA	25,00	32,13	803,25
	ESTRUCTURAS	**1,00**	**144.412,29**	**144.412,29**
M3	FORMIGON EN ZAPATA	105,00	157,78	16.566,90
M3	PEDRA PESO MINIMO 400KG	315,00	42,81	13.485,15
M3	MURO PEDRA ALTURA ESPESOR VARIABLE	770,00	133,10	102.487,00
M3	RECHEO TRASDÓS	450,50	20,13	9.068,57
M3	PRESTAMO PARA CAMIÑO	54,00	15,76	851,04
ML	COLOCACION DE VARANDA	25,00	52,93	1.323,25
M3	APORTE TERRA VEXETAL	18,40	34,26	630,38
	GESTION DE RESIDUOS	**1,00**	**1.800,25**	**1.800,25**
M3	TRANSPORTE RESIDUOS INERTES 20 KM	95,00	5,00	475,00
M3	CANON VERTIDO RESIDUOS INERTES	95,00	13,95	1.325,25
	VARIOS	**1,00**	**400,00**	**400,00**
PA	IMPREVISTOS	1,00	400,00	400,00
	SS	**1,00**	**1.000,00**	**1.000,00**
PA	SS	1,00	1.000,00	1.000,00

PRESUPUESTO EJECUCION MATERIAL	**159.781,31**
13% gastos generales	20.771,57
6% BI	9.586,88
PBL	**190.139,76**

S.Extr.Urx. 12/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/03/2026 14:58:30

Documento asinado

IVA 21%	39.929,35
PBL CON IVA	**230.069,11**

Os devanditos traballos desglósanse no orzamento presentado pola empresa CIVIS GLOBAL, S.L.U. (B36684157) incorporado ao expediente.

O prezo total é de 230.069,11 euros (190.139,76 € + 39.929,35 € en concepto de IVE).

O prazo de execución do contrato estimase en catro semanas.

A dirección facultativa da obra será o enxeñeiro técnico industrial, xefe da Unidade de Mantemento de Viais, Alfonso Berros Pérez e o enxeñeiro de camiños, canais e portos da Área de Servizos Xerais Juan Manuel Sanchez González.

A coordinación de seguridade e saúde na obra será realizada a través do contrato municipal vixente de Coordinación de seguridade e saúde en obras promovidas polo Concello de Vigo, LOTE 1, expte 2223-441, adxudicado a empresa ATENEA SAU.

A dirección arqueolóxica do control arqueolóxico das obras será realizado por Patricia Iglesias Gracia segundo se recolle na resolución da autorización da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo, estando incluido os honorarios na valoración da obra indicada con anterioridade.

O responsable do contrato será a dirección facultativa da obra.

Forma de pagamento da obra: Os pagamentos verificaranse contra certificacións mensuais acompañadas de relación valorada, expedidas polo director facultativo da obra. Así mesmo, o contratista deberá presentar factura por igual importe que o da certificación, conforme ao previsto nos artigos 198.2 e 240 da LCSP.

Prazo de garantía: En relación á determinación do prazo de garantía proponse un prazo de garantía de 5 anos, de modo que se poida asegurar o obxecto do prazo da garantía polas obras, de modo máis extenso e acorde a tipoloxía de obra e de uso do construído".

Como se pode apreciar, no obxecto do contrato só se inclúen as obras que no informe técnico se definen como "obras a realizar con carácter inmediato".

Determínanse na memoria xustificativa os elementos esenciais do contrato: o obxecto, o prezo e o prazo de execución. Así como outros datos necesarios para a execución do contrato, tales como a forma de pagamento, a aplicación orzamentaria á que se imputará o gasto, a dirección facultativa, o responsable do contrato e o prazo de garantía.

Xustifícase, así mesmo, a selección do contratista no apartado 5 da memoria:

"Polos motivos de urxencia expostos solicitouse orzamento á empresa CIVIS GLOBAL, S.L.U. (B36684157) xa que é unha empresa radicada no municipio, que

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/03/2026 14:58:30

Documento asinado

está a executar obras municipais de licitación pública actualmente en ámbitos cercanos, polo que tanto os medios técnicos como humanos están próximos ao ámbito da actuación, o que facilita a pronta intervención. Trátase dunha empresa con experiencia na realización de obras tanto de reparación como de nova construción tanto de obra civil como de edificacións".

-V-
DO CRÉDITO PARA FACER FRONTE AO GASTO

Tal e como informa o servizo xestor no apartado 6 da memoria xustificativa, pola súa natureza este gasto resultaría imputable á aplicación orzamentaria 1721.609.0040 a nivel de bolsa de vinculación. No entanto, aclara qure "*non dispón de crédito suficiente polo que será necesario a tramitación dunha modificación orzamentaria a estes efectos*".

-VI-

COMPETENCIA

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

-VII-

ACORDO

En base ás anteriores consideracións, proponse á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo:**

"Primeiro.- Adxudicar a CIVIS GLOBAL, S.L.U. (B36684157) o contrato de obras de construción dun muro de contención na praia de Santa Baia na parroquia de Alcabre para garantir a seguridade, aplicando a tramitación de emerxencia ao abeiro do artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), coas seguintes características:

a) *Obxecto do contrato: as obras de construción dun muro de contención na praia de Santa Baia na parroquia de Alcabre.*
b) *Orzamento base de licitación: 230.069,11 euros*
c) *IVE a soportar pola Administración: 39.929,35 euros.*
d) *Valor estimado do contrato: 190.139,76 euros.*
e) *Aplicación orzamentaria: 1721.609.0040*
f) *Prazo de execución: catro semanas. O prazo de inicio da execución das prestacións non poderá ser superior a un mes, contado desde a adopción do presente acordo.*
g) *Dirección facultativa: o enxeñeiro técnico industrial, xefe da Unidade de Mantemento de Viais, Alfonso Berros Pérez, e o enxeñeiro de camiños,*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/03/2026 14:58:30
Documento asinado

canais e portos da Área de Servizos Xerais Juan Manuel Sanchez González.

h) *Responsable do contrato: a dirección facultativa da obra.*

i) *Coordinación de seguridade e saúde: ATENEA SAU, contratista do lote 1 do contrato de Coordinación de seguridade e saúde en obras promovidas polo Concello de Vigo (expediente 2223-441).*

j) *Dirección do control arqueolóxico: Patricia Iglesias Gracia, estando incluídos os honorarios no prezo deste contrato.*

k) Forma de pagamento: certificacións mensuais acompañadas de relación valorada, expedidas polo director facultativo da obra.

l) Prazo de garantía: 5 anos.

Segundo.- Tramitar unha modificación orzamentaria para dotar de fondos á aplicación orzamentaria 1721.609.0040 para facer fronte ao pago do prezo deste contrato.

Terceiro.- Executadas as actuacións obxecto deste contrato, observarase o disposto na lei sobre cumprimento dos contratos, recepción e liquidación da prestación.

Cuarto.- Notificar este acordo ao contratista.

Quinto.- Dar traslado do presente acordo á Xefatura de Costas e a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(177).-APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚMERO 2/2026 DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO: CRÉDITO EXTRAORDINARIO CON CARGO AO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA. EXPTE. 18735/407.

Visto o informe de fiscalización do 04/03/2026 e o acordo do Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 10/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 04/03/2026, asinado polo técnico superior de actividades económicas, o xerente de Urbanismo e conformado pola concelleira da Área de Urbanismo, que di o seguinte:

Vista a resolución da Vicepresidente e Concelleira Delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda, incoando expediente de modificación orzamentaria, así como o informe-proposta desta xefatura de Servizos Centrais, conformado polo Xerente, de conformidade co disposto polo artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLFFLL), emítese o seguinte informe-proposta:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/03/2026 14:58:30

Documento asinado

1º) Os gastos que se pretende incluír no Orzamento desta Xerencia Municipal de Urbanismo non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen prexuízo para os intereses xerais da Entidade, por ser urxentes e de necesaria realización. No citado informe dos Servizos Centrais, conformado polo Xerente e unido ó presente expediente, exprésase o carácter específico e determinado do gasto.

2º) Dado o carácter inaprazable deste gastos e, ao mesmo tempo, necesario que sexan executados en este exercicio ou que, polo menos, sexa iniciada a súa execución.

3º) O importe de 4.742.387,27 euros destínase as seguintes partidas:

Partida	Concepto		Créd.inicial
Alta			
1510.6000001	Expropiacións desenvolvemento PXOM 2025	0,00 €	1.088.448,48 €
1510.7800002	Axudas adecuación vivendas para alugueiro	150.00,00 €	2.000.000,00 €
1510.6800200	Edificio Esturáns para alugueiro	1.859.814,77 €	1.000.000,00 €
1510.6820003	Rehabilitación edificio Ramón Nieto 58	0,00 €	496.765,50 €
1510.6320002	Acondicionamento instalacións Oficina Mpal. Rehab.	0,00 €	157.173,29 €
		TOTAL =	4.742.387,27 €

4º) A presente modificación supón un crédito extraordinario/suplemento de crédito de 4.742.387,27 €, polo que a competencia de aprobación correspóndelle ao Pleno, de acordo co establecido polo citado artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo) e tendo que seguir os trámites e requisitos de publicidade establecidos polo artigo 169 do citado Texto Refundido para a aprobación do Orzamento.

5º) O financiamento desta modificación realizarase mediante o remanente líquido de tesourería para gastos xerais, conforme ao artigo 177.4 do citado TRLFFLL. O remanente líquido de tesourería para gastos xerais a 31 de decembro de 2025, segundo a Liquidación dese exercicio, era de 9.430.740,16 euros. Deste importe utilizouse 2.761.531,45 euros no expediente de incorporación de remanentes (18680/407).

En consecuencia, proponse ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo que eleve á Xunta de Goberno Local a proposta de adopción polo Pleno do seguinte acordo:

“Aprobar inicialmente o crédito extraordinario/suplemento de crédito por importe total de 4.742.387,27 euros (modificación nº 02/2026 do vixente Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo), financiado mediante a aplicación do remanente líquido de tesourería para gastos xerais, conforme ao expresado neste informe-proposta”.

S.Extr.Urx. 12/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/03/2026 14:58:30

Documento asinado

ACORDO
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/03/2026 14:58:30

Documento asinado